



Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia Química

En Santiago de Compostela, sete de marzo de dous mil dezanove

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no Decreto 96/2018, do 26 de setembro, polo que se nomea conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional a Carmen Pomar Tojo.

Doutra, don -----, conselleiro delegado da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. actuando como representante legal da mesma en virtude das atribucións conferidas segundo escritura de data 8 de outubro de 2015, autorizada polo notario don -----.

Interven en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións





laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados.

2. Que a Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a) A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.
- b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:
 - Realización do módulo de formación en centros de traballo.
 - Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
 - Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
 - Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas





empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.

- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación

c) A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional autorizou, mediante a orde do 15 de xuño de 2018, pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2018/19, a oferta do ciclo formativo de grao superior Laboratorio de análise e control de calidade no IES Moncho Valcarce, das Pontes de García Rodríguez, para dar resposta ás necesidades de cualificación que demanda o sector.

5. Que Intacta Gestión Ambiental, S.L. é unha empresa de servizos ambientais, especializada no desenvolvemento de proxectos singulares de enxeñaría, creando solucións específicas á medida das necesidades de cada cliente. Contan con experiencia e capacidade técnica para dar a mellor solución a calquera necesidade ambiental, especialmente nos campos do tratamento de augas, residuos e enerxía. Está situada no concello das Pontes de García Rodríguez, no Polígono Industrial de Penapurreira.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:





- a. Colaboración na impartición de ensinanzas de formación profesional da familia Química: ciclo formativo de grao superior Laboratorio de análise e control de calidade.
- b. Establecemento dun programa de formación en centros de traballo (FCT), para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L.
- c. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- d. Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L., dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- e. Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- f. Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Segunda. Promoción de ensinanzas de formación profesional da familia Química: ciclo formativo de grao superior Laboratorio de análise e control de calidade

A empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. colaborará no proceso formativo do alumnado do ciclo formativo de grao superior Laboratorio de análise e control de calidade, que se imparte no IES Moncho Valcarce, naqueles módulos profesionais para os que se precise de laboratorios ou instalacións especiais dos que dispón esta empresa, aportando o persoal necesario coa cualificación requirida.

Neste sentido, o alumnado do CS Laboratorio de análise e control de calidade, recibirá un total de 175 horas de prácticas na empresa que se repartirán entre os dous cursos da seguinte maneira:





- a. No primeiro curso: 15 días hábiles que implicarán 105 horas de prácticas e que se corresponderán cos módulos formativos de Análise química, Mostraxe e preparación da mostra, Ensaio microbiolóxicos e Ensaio fisicoquímicos.
- b. No segundo curso, 10 días hábiles que implicarán 70 horas de prácticas e que se corresponderán cos módulos formativos de Calidade e seguridade no laboratorio e Análise instrumental.

A empresa non pode asumir simultaneamente nas súas instalacións máis de tres discentes, polo que o alumnado do ciclo rotará entre o centro educativo e o centro de traballo, entre os meses de xaneiro e maio, e estableceranse diferentes quendas para a realización das prácticas:

- a. Alumnado do primeiro curso: entre os meses de xaneiro a maio.
- b. Alumnado do segundo curso: entre os meses de xaneiro a marzo.

Adicionalmente, Intacta Gestión Ambiental, S.L., comprométese a recibir para a realización do correspondente módulo de formación en centros de traballo (FCT) ao alumnado que estea en disposición de realizar este módulo.

Rematada con avaliación satisfactoria a FCT, o alumnado incorporárase á bolsa de emprego da empresa considerándose a súa candidatura preferente fronte a outros para ser contratado de maneira interina segundo as necesidades da empresa, ata o seu pase definitivo a contratación indefinida de acordo coa planificación da empresa e as súas propias avaliacións do rendemento.

Estas ensinanzas do ciclo formativo de grao superior Laboratorio de análise e control de calidade formarán parte da oferta formativa do IES Moncho Valcarce das Pontes de García Rodríguez, a todos os efectos académico-administrativos. Correspóndelle á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o establecemento, desenvolvemento e supervisión dos planos educativos propios da consellería, quedando o centro nos seus ciclos formativos específicos sometido a Inspección Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

Terceira. Programa de formación en centros de traballo

Os centros dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, o alumnado que vaia realizar o módulo de FCT nas instalacións da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento,





determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo de FCT.

Cada centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a da empresa na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas do centro de traballo no tocante á puntualidade, asistencia e comportamento. A empresa poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do/a mesmo/a.

O/A alumno/a non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o convenio de colaboración formativa entre o centro educativo e a dirección da empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Cuarta. Formación e actualización do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L., dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.





Para tal fin, a asociación colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de estadías en empresas que anualmente promove a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. colaborará na formación e actualización do profesorado, dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, naquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese, e especialmente colaborará na obtención do título de especialización didáctica previsto para o profesorado de formación profesional inicial conforme ao Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, (BOE 4/02/2004), modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro (BOE 8/11/2005).

Quinta. Recoñecemento da experiencia laboral dos/as traballadores/as da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L.

Dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional analizará coa empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. a posibilidade de acreditar a experiencia profesional dos/as traballadores/as da empresa e convocar aquelas cualificacións profesionais vinculadas a determinados postos de traballo das empresas.

Sexta. Impulso ao sistema de formación profesional dual

A empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. colaborará no impulso da formación profesional dual co obxecto da cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral na empresa, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo. Neste sentido, valorará as posibilidades de poñer en funcionamento ben un proxecto de formación dual, que se formalizará coa firma dun convenio específico, ou ofertar prazas de FP Dual de segundo curso.

Sétima. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoveranse as actuacións conxuntas da consellería e da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L. tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de





formación profesional como calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.

Oitava. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes da empresa Intacta Gestión Ambiental, S.L.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que actuará como secretaria.

Novena. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data prevista de finalización do convenio.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co





Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por triplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

A conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional

O conselleiro delegado da empresa Intacta
Gestión Ambiental, S.L.

Carmen Pomar Tojo

